



Concello de Vilalba

ANUNCIO de aprobación inicial da modificación puntual das Normas Subsidiarias do Plan do Concello de Vilalba. Expte. 1228/2018

Aprobada inicialmente polo Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio do 2021, a modificación puntual das Normas Subsidiarias do Plan do Concello de Vilalba, definición das ordenanzas do grupo de vivendas “Pedrosa Latas e do solo dotacional de núcleo urbano”.

No cumprimento do dito acordo e de conformidade co art. 60.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sométese o expediente a **información pública durante un prazo de dous meses (2 meses)**, contados a partir do día seguinte ó da última inserción do anuncio, anuncio que se publicou no **Diario Oficial de Galicia núm. 130 do 9/07/2021** e no diario La Voz de Galicia do 19/06/2021, así como na sede electrónica deste Concello e no portal de transparencia (<https://vilalba.sedelectronica.es>).

Durante o período de información pública, o expediente quedará a disposición de calquera persoa para os efectos do seu exame e/ou da presentación das alegacións e ou suxerencias que se consideren oportunas, nas dependencias do departamento de urbanismo (*2ª planta da Casa Consistorial*) e na dita *dirección electrónica*.

A aprobación inicial conleva a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito afectado, suspensión que se extinguirá coa aprobación definitiva da modificación puntual, segundo o art. 47 da citada Lei do solo de Galicia.

Vilalba, 9 de xullo do 2021
A alcaldesa. Elba Veleiro Fernández



Cód. Validación: 3H9YZHWM67JDGNSJLYMNCXC5F | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Pághina 1 de 1